

## SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

### INFORME

n/ref: SATM\_admLOC18ATMorgCTGinfPSD

**Asunto:** Catálogo de servizos do SATM

**Destino:** Presidencia

Na última reunión habida pola Presidencia cos distintos xefes de Servizo, do 08.03.2018, acordouse a redacción de informes sobre as funcións desenvolvidas e capacidades futuras de cada área, con forma de catálogo de servizos.

Por este Servizo de Asistencia Técnica a Municipios (SATM) xa constan expostos diferentes pronunciamentos en relación con este asunto, tanto en anteriores informes específicos ou notas informativas como nas correspondentes propostas de orzamento formuladas para cada exercicio.

En síntese, sobre o territorio que é obxecto da nosa atención, cómpre destacar que os 1 126 707 hab. repartidos en 4 267 núcleos de poboación, que se diseminan articulados por unha rede de estradas de 21 160 km e sobre unha superficie de 7 964 km<sup>2</sup> con 961,35 km de costa, constitúen parámetros que resultan moi superiores ás medias provinciais de Galicia e España.

Debido a esa circunstancia, así como ao constante incremento dos requirimentos normativos, a demanda asistencial dos Concellos crece progresivamente, ao desbordárense as capacidades dun mapa municipal obsoleto e sen recursos suficientes para controlar un territorio de singular riqueza ambiental, extraordinariamente antropizado e sometido ás maiores tensións urbanísticas.

Con carácter previo cómpre advertir que, para responder a esas insuficiencias da actual organización administrativa local, a asistencia técnica que está a prestar a Deputación resulta deficitaria e está lonxe de acadar unha dotación de medios que se poida considerar proporcionada.

Sen prexuízo de todo anterior, en atención á petición efectuada, fórmase o seguinte catálogo de servizos do STAM, expresando as melloras básicas que se poderían introducir e significando a diversidade e complexidade das funcións que se realizan de forma especializada.

### CATÁLOGO DE SERVIZOS

A asistencia técnica municipal pode clasificarse distinguindo 4 grandes seccións (urbanismo, obras, infraestruturas de datos espaciais e administración), que se dividen en diferentes apartados segundo os asuntos que se relacionan a continuación.

#### 1 Urbanismo

##### 1.1 urbNRM: urbanismo/normativa

1.1.1 asesoramento sobre lexislación de carácter xeral, especial, ambiental, sectorial e demais normativa concordante que resulta relacionada coa materia urbanística

1.1.2 emisión de informes e propostas de resolución sobre suxestións e/ou alegacións aos proxectos sobre normativa relacionada coa materia urbanística

## SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

### 1.2 urbORD: urbanismo/ordenación

- 1.2.1 asesoramento sobre a aplicación das Directrices de ordenación do territorio de Galicia, plans territoriais integrados (entre outros, o Plan de ordenación do litoral), plans de ordenación do medio físico, plan estratéxico estatal do patrimonio natural e a biodiversidade, catálogos e directrices da paisaxe, plan forestal de Galicia, plans de ordenación de recursos forestais, plan de ordenación do turismo de Galicia, plans de actuación integral turística de Galicia, plans e proxectos sectoriais; programas coordinados de actuación, plans de mobilidade sustentable, plans de desenvolvemento rural sustentable, plans reitores de uso e xestión dos recursos naturais, plans de conservación dos recursos naturais, etc.
- 1.2.2 formulación de accións de planeamento relativas a información urbanística, normas subsidiarias e complementarias de planeamento, plan básico autonómico e plans básicos municipais, plans xerais de ordenación (municipais ou supramunicipais), plans de desenvolvemento (parciais, especiais de reforma interior ou ordenación dos núcleos rurais, etc.), plans especiais de protección, plans especiais de infraestruturas e dotacións, estudos de detalle, plans de acción da paisaxe, catálogos de protección, convenios urbanísticos de planeamento, normas técnicas de planeamento, cédulas de información urbanística, etc.
- 1.2.3 asesoramento xeral sobre a aplicación dos instrumentos de planeamento
- 1.2.4 propostas de resolución sobre informes sectoriais que deba emitir a Deputación; en particular os referidos ao sistema viario de titularidade provincial
- 1.2.5 pronunciamento sobre consultas e informes de sustentabilidade ambiental
- 1.2.6 pronunciamento sobre consultas e informes de sustentabilidade e/ou viabilidade económica
- 1.2.7 implantación e xestión de sistemas de información e publicación telemática, como Urbanismo en Red (UeR)
- 1.2.9 emisión de informes e propostas de resolución sobre suxestións e/ou alegacións aos plans
- 1.2.10 impulso de programas de participación pública na formación dos plans

### 1.3 urbEXC: urbanismo/execución

- 1.3.1 formulación de accións relacionadas coa xestión urbanística; como proxectos de equidistribución en actuacións sistemáticas, proxectos de normalización de predios, obtención illada de dotacións públicas (ocupación directa, permuta forzosa, etc.), proxectos de expropiación (por taxación individual ou conxunta), transferencias de aproveitamento urbanístico, convenios urbanísticos de execución, inventarios de bens municipais, proxectos de urbanización (integrais ou de obras ordinarias), etc.
- 1.3.2 formulación de accións sobre proxectos de urbanización, integrais ou de obras ordinarias
- 1.3.3 realización de accións sobre intervención no mercado inmobiliario; como formación e xestión de patrimonios municipais do solo (PMS), venda e substitución forzosa, adquisición de bens para PMS (equidistribución, expropiación, ocupación directa, etc.), alleamento de bens do PMS (venda, dereito de superficie, cesión gratuíta, etc.), promoción pública inmobiliaria (para usos de utilidade pública ou interese social), oferta de solo urbanizado

## SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

(público ou privado; en venda, dereito de superficie, cesión gratuíta, etc.), edificación de vivenda de protección (VPP ou VPA) ou doutra cualificación (en venda ou aluguer), etc.

### 1.4 urbCTL: urbanismo/control

1.4.1 asistencia sobre intervención de actos de uso do solo mediante comunicacións previas, declaracións responsables e licenzas relativas a parcelación (ou declaración da súa innecesariedade), constitución de complexos inmobiliarios, construción (obras maiores e menores, 1ª ocupación dos edificios), instalacións, actividades (clasificadas e inocuas), etc.

1.4.2 asesoramento sobre disciplina urbanística en expedientes de reposición da legalidade, sancións, inspección técnica de edificios (conservación), certificados de eficiencia enerxética, control ambiental (ruído e outras emisións atmosféricas, contaminación de solos, etc.), ordes de execución, declaracións de ruína, etc.

### 1.5 urbINV: urbanismo/investigación

1.5.1 identificación das áreas supramunicipais na provincia da Coruña (en colaboración coa UDC)

1.5.2 desenvolvemento das áreas urbanas supramunicipais (rexións ou áreas urbanas da Coruña-Ferrol, Santiago, ría de Arousa, etc.)

1.5.3 formación do plan estratéxico para a provincia da Coruña (en colaboración coa USC)

1.5.4 impulso das declaracións de espazos naturais protexidos (Terras do Mandeo, Parque Natural do Eume, etc)

1.5.5 fomento das declaracións de BIC e doutras figuras de protección patrimonial

1.5.6 elaboración de programas sobre participación pública na formación de planeamento

1.5.7 colaboración con entidades públicas e privadas noutros proxectos de investigación

## 2 **Obras**

### 2.1 obrPXT: obras/proxectos

2.1.1 redacción de proxectos de urbanización

2.1.2 redacción de proxectos de edificación

2.1.3 redacción de proxectos de instalacións

2.1.4 redacción de proxectos viarios e de infraestruturas varias

2.1.5 redacción de proxectos e esquemas básicos de seguridade e saúde

2.1.6 redacción de plans de control de calidade na execución de obras

2.1.7 redacción de plans de xestión ambiental na execución de obras

2.1.8 supervisión de plans e proxectos promovidos por Concellos e Deputación

## SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

### 2.2 obrEXC: obras/execución

2.2.1 levantamento de actas de implantación e recepción

2.2.2 dirección xeral e executiva de obras

2.2.3 coordinación da seguridade e saúde na execución de obras

2.2.4 realización de controis de calidade na execución de obras

2.2.5 realización de controis de xestión ambiental na execución de obras

2.2.6 recepción e liquidación de obras

## 3 IDE

### 3.1 ideAC: infraestrutura de datos espaciais/xeral

3.1.1 creación e mantemento do nodo ideAC (infraestrutura de datos espaciais da Deputación da Coruña), como conxunto de servizos web que permiten compartir os datos territoriais da provincia da Coruña con outras Administracións ou usuarios de maneira transparente e independente do software empregado, cumprindo coas especificacións da Directiva INSPIRE e da Lei 14/2010

3.1.2 configuración de sistemas públicos sobre información urbana local de acceso telemático

3.1.3 realización e xestión de cartografía analóxica e dixital en xeral; con especial atención a mapas provinciais, comarcais, supramunicipais e municipais; así como dixitalización e publicación de mapas históricos depositados no Arquivo Provincial

3.1.4 representación da Deputación na Comisión de Coordinación de Cartografía Dixital e SIX da Xunta de Galicia

3.1.5 representación da Admón. Local no Grupo de Trabajo de la IDE de España e nos subgrupos de IDE Local

3.1.6 representación da Admón. Local na Comunidad de Usuarios y Desarrolladores de LocalGIS do MINETUR

3.1.7 participación nas Comunidades GIS da Comisión Europea (OSOR, JoinUP, etc.) e nos foros e grupos de traballo da UE en relación coa Directiva INSPIRE

3.1.8 participación noutros proxectos autonómicos, estatais e europeos sobre IDE en xeral

3.1.9 construción de sistemas de indicadores sobre calidade e rendibilidade dos servizos municipais; análises e estratexias socio-económicas, cadros de mando e medios de goberno

## SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

- 3.2 ideEIEL: infraestrutura de datos espaciais/enquisa de infraestruturas e equipamento local
  - 3.2.1 actualización e mantemento permanente da EIEL na provincia (con periodicidade anual)
  - 3.2.2 xestión da Base de datos territoriais da EIEL (BDT-EIEL), que contén a totalidade da información xeo-referenciada e alfanumérica relativa á EIEL da provincia da Coruña, construída sobre un sistema xestor de bases de datos postgreSQL coas extensións de postGIS
  - 3.2.3 creación e mantemento do portal webEIEL de publicación dos datos, códigos, documentación e información en xeral da plataforma eielAC, montado sobre Joomla! e dotado dun conxunto de pezas de software libre desenvolvidas ou modificadas ad hoc.
  - 3.2.4 creación e mantemento da aplicación gisEIEL, consistente nun sistema de información xeográfica (SIX) para a xestión, tratamento e explotación dos datos contidos na BDT-EIEL (actualmente, en forma de extensións sobre o software gvSIG).
  - 3.2.5 actualización e mantemento permanente de fichas municipais (con periodicidade anual, como base para os plans de inversión)
  - 3.2.6 elaboración de inventarios de bens municipais e de patrimonios municipais inmobiliarios
  - 3.2.7 elaboración de inventarios de estradas provinciais e municipais
  - 3.2.8 representación da Deputación no Grupo de Trabaja sobre la EIEL do MINHAP
  - 3.2.9 participación en convenios de xestión compartida con outras Administracións locais do proxecto gisEIEL
  - 3.2.10 participación noutros proxectos relacionados coa EIEL (LOURED, AVANZA Local, SIGNERGIAS, Axenda 21 Local, etc.)

## 4 Administración

- 4.1 admLOC: administración local
  - 4.1.1 dirección, organización, funcionamento e arquivo documental do Servizo
  - 4.1.2 participación na reforma e modernización da Administración Local
  - 4.1.3 implantación de sistemas de información e xestión administrativa por medios telemáticos
  - 4.1.4 asesoramento na confección de padróns, listas cobratorias, recibos, contabilidade, etc.
  - 4.1.5 accións administrativas de cooperación local (áreas metropolitanas, mancomunidades, etc.)
  - 4.1.6 xestión de convenios de colaboración con outras Administracións
  - 4.1.7 xestión de comunidades intermunicipais de servizos públicos consorciados
  - 4.1.8 deseño territorial dun novo mapa local

## SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

- 4.1.9 participación en órganos colexiados (tribunais, xurados, comisións, etc.)
- 4.2 admCNT: contratación
  - 4.2.1 asesoramento, supervisión e/ou redacción de pregos de prescricións técnicas e administrativas en materia de contratación
  - 4.2.2 participación en mesas e comisións técnicas de contratación
- 4.3 admFRM: formación
  - 4.3.1 formación impartida na DAC, EGAP, INAP, USC, UDC, UV, UIMP, etc.
  - 4.3.2 formación recibida na DAC, EGAP, INAP e outras institucións.
- 4.4 admVAR: varios
  - 4.4.1 peritaxes e outra actuacións xudiciais
  - 4.4.2 intervención en xornadas, congresos, exposicións, etc.
  - 4.4.3 publicacións
  - 4.4.4 restantes accións.

## MELLORAS NA PRESTACIÓN

A reestruturación do SATM levada a cabo durante o ano 2016, reunificando os anteriores Servizos de Apoio Técnico a Municipios e de Asistencia Técnica Urbanística, deu como resultado a configuración inicial dun equipo constituído por 1 arquitecto (xefe de Servizo), 1 arquitecto técnico (xefe de Sección), 1 enxeñeira técnica industrial, 1 delineante e 2 administrativos.

Posteriormente, na data do 09.01.2017, sumáronse a ese equipo básico novas prazas de técnicos facultativos (3 arquitectos/as e 1 arquitecto técnico), que permiten atender con maior eficiencia o constante aumento da demanda de asesoramento municipal que se presenta.

Non obstante, esa eficiencia vese diminuída pola falta dun espazo de oficina adecuado e porque as últimas modificacións producidas na normativa reguladora da Administración Local tenden a incrementar as competencias asistenciais das Deputacións, abrindo novos campos de actuación que exceden dos previstos no Regulamento deste Servizo, aprobado no ano 1988.

### Espazo de oficina

A pesar de estaren previstos na RPT desde o ano 2013 os referidos 4 novos técnicos, cando se produciu a súa incorporación non se habilitaron os espazos de oficina necesarios; optándose por localizar dun modo provisional a 2 deses postos nun reducido despacho de 14.40 m<sup>2</sup> e aos outros 2 sobre unha superficie interior, aberta e de paso, sen iluminación nin ventilación natural.

Estas deficiencias impiden o normal desempeño das súas funcións públicas; en especial as relativas ao asesoramento que deben prestar, coa imprescindible confidencialidade, a alcaldes, secretarios e demais funcionarios da Administración Local, así como á cidadanía en xeral.

## SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

A citada anomalía contrasta coas axeitadas condicións nas que se desenvolven os outros 2 Servizos Técnicos e as restantes unidades da Deputación; situación que se ve agravada polo feito de existir dispoñible un despacho próximo e baleiro no Servizo de Arquitectura, utilizado por persoal bolseiro que non presta servizo público ningún.

Tal como se ven advertindo por este Servizo, a curto prazo podería resolverse dun modo doado esta inadecuada distribución, dispoñendo

- a inmediata ocupación provisional do despacho baleiro do Servizo de Arquitectura polos 2 técnicos do SATM actualmente situados nunha superficie de paso
- unha nova organización equitativa do espazo que ocupan os 3 Servizos Técnicos na ala N do 5º andar do pazo provincial, baixo criterios proporcionais aos diferentes niveis administrativos e con exclusiva reserva de despachos individuais para os postos directivos.

### Medios persoais

Á parte de solucionarse o mencionado déficit espacial, as referidas novas competencias recomendarían unha nova adscrición de persoal no SATM, aumentando a multidisciplinariedade. A devandita ampliación tanto podería realizarse mediante a creación *ex-novo* das prazas, como coa transformación e/ou traslado doutros postos de traballo xa existentes na Deputación.

Concretamente, no curto prazo, creemos necesario incorporar ao Servizo persoal de nivel A1 con formación xurídica, para dar soporte á asistencia técnica en xeral e, en especial, no urbanismo.

No medio prazo, entendemos conveniente que se doten novas prazas de arquitecto e outras de enxeñería civil (enxeñeiros de camiños, canais e portos e enxeñeiros de obras públicas, debido á tipoloxía de determinados proxectos e obras) e de enxeñería informática (en relación coas tarefas de xestión, explotación e mantemento da EIEL).

Por último, a longo prazo, a cada vez maior a necesidade de realizar análises socio-económicas partindo dos datos da EIEL (BDT-EIEL) recomendaría dotar tamén a este Servizo con algunha praza de licenciado ou graduado en socioloxía e/ou economía.

### Melloras funcionais

Aínda que non se satisfagan plenamente as deficiencias de medios necesarios, calquera nova dotación que se arbitre -en especial, a disposición dun espazo de oficina axeitado- traduciríase en significativas melloras na capacidade de resposta do SATM ás demandas que se presentan.

Concretamente, entre as melloras de funcionalidades que probablemente se producirían dun modo inmediato neste Servizo, cabería salientar as seguintes:

#### **1 Urbanismo**

- emisión por escrito, en prazo máis breve, dos informes solicitados por este medio
- contestación inmediata dos asesoramentos pedidos de forma presencial ou telemática
- formulación de instrumentos de planeamento e execución urbanística, no seu caso
- impulso da participación pública na formación dos plans
- asistencia aos concellos < 20 000 hab. en materia de actividades (adc. 2ª do D 144/2016)
- asunción de taxacións inmobiliarias na acción municipal
- maior exercicio en materia de convenios de colaboración e investigación

## SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

### 2 Obras

- completa supervisión, en prazo máis breve, de proxectos municipais
- levantamento, en prazo razoable, de actas de implantación e recepción de obras municipais
- redacción de proxectos técnicos de arquitectura e enxeñería, no seu caso
- dirección xeral e executiva, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade

### 3 IDE

- actualización permanente da EIEL e validación inmediata dos seus datos polo MINHFP
- mellora de funcionalidades da webEIEL
- perfeccionamento da operatividade no gisEIEL
- mantemento permanente da plataforma eielAC para cumprir coa Directiva INSPIRE
- formulación de análises e estratexias socio-económicas
- instrumentación de cadros de mando e medios de goberno

### 4 Administración

- asesoramento sobre redacción, actualización e perfeccionamento de ordenanzas municipais
- implantación de sistemas de información e xestión administrativa por medios telemáticos
- xestión de comunidades intermunicipais de servizos públicos consorciados
- actualización e perfeccionamento permanente de pregos de contratación
- maior disposición para integrar comisións de expertos e mesas de contratación
- impartición de cursos de formación ao persoal técnico municipal
- asistencia máis frecuente a cursos de formación
- incremento da participación en todo tipo de órganos colexiados
- mellor disposición para peritaxes e outras actuacións xudiciais
- maior intervención en xornadas, congresos, exposicións, etc.
- maior frecuencia na edición de mapas e doutras publicacións, en especial na webEIEL

## CONCLUSIÓN

### Única: efectividade da asistencia técnica municipal

A efectividade das funcións que se prestan por este Servizo resultaría mellorada, de forma significativa e modo inmediato, mediante a disposición dun espazo de oficina adecuado; así como podería ser incrementada no medio prazo, atendendo á progresiva complexidade dos requirimentos que recaen sobre os insuficientes recursos do actual mapa local, coa dotación de novo persoal especializado.

A Coruña, 6 de abril de 2018

O xefe de Sección

Vº e praxe, o xefe de Servizo

Pedro A. González Pérez

Xosé Fco. Freire Corzo